

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

| Código   | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------|----------|---------------|
| 36011579 | A Guía | Vigo     | 2024/2025     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional  | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo        | Grao                               | Réxime                 |
|-------------------------------|----------------------|---------------------------|------------------------|------------------------------------|------------------------|
| COM                           | Comercio e márketing | CSCOM02                   | Comercio internacional | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome                           | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|--------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0827       | Comercio dixital internacional | 2024/2025 | 6                | 105          | 126            |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                |                     |
|--------------------------------|---------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | SALOMÉ TEJO FUENTES |
| Outro profesorado              |                     |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Tal coma establece o Decreto 90/2016, do 19 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en Comercio Internacional adaptando a nova titulación ao campo profesional e do traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo en canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

As persoas que obteñan o título de técnico superior en Comercio Internacional han exercer a súa actividade en empresas de calquera sector produtivo, nomeadamente do sector do comercio e márketing público e privado, realizando funcións de planificación, organización, xestión e asesoramento de actividades de comercio internacional.

Trátase de traballadores e traballadoras por conta propia que xestionan a súa empresa, realizando actividades de comercio internacional, ou por conta allea, que exercen a súa actividade no departamento de comercio internacional dentro dos subsectores de:

- Industria, comercio e agricultura, no departamento de comercio internacional.
- Entidades financeiras e de seguros, no departamento de exterior.
- Empresas intermediarias no comercio internacional, como axencias transitarias, axencias comerciais, empresas consignatarias, axencias de alfándegas, empresas de asesoramento comercial e xurídico, etc.
- Empresas importadoras, exportadoras e distribuidoras-comercializadoras.
- Empresas de loxística e transporte.
- Asociacións, institucións, organismos e organizacións non gobernamentais.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Técnico/a en comercio exterior.
- Técnico/a de operacións exteriores de entidades financeiras e de seguros.
- Técnico/a en administración de comercio internacional.
- Asistente ou adxunto/a de comercio internacional.
- Axente de comercio internacional.
- Técnico/a de márketing internacional.
- Técnico/a de márketing dixital internacional.
- Técnico/a de venda internacional.
- Asistente ao departamento de operacións comerciais internacionais.
- Transitario/a.
- Consignatario/a de buques.
- Operador/ora loxístico/a.

- Xefe/a de almacén.
- Técnico/a en loxística do transporte.
- Coordinador/ora loxístico/a.
- Técnico/a en loxística inversa.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

| U.D. | Título   | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|------------|--------------------|----------|
| 1    | O papel do comercio dixital internacional  |            | 15                 | 10       |
| 2    | Internet: orixe, funcionamento e configuración   |            | 15                 | 15       |
| 3    | Xestión de servizos a través de Internet   |            | 20                 | 15       |
| 4    | Elementos clave para o desenvolvemento do comercio electrónico internacional dunha empresa |            | 20                 | 15       |
| 5    | Xestión de operacións no entorno do comercio dixital internacional                         |            | 20                 | 15       |
| 6    | Deseño do plan de marketing internacional  |            | 36                 | 30       |

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                              | Duración |
|-----|---|----------|
| 1   | O papel do comercio dixital internacional | 15       |

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Realiza as tarefas básicas necesarias para utilizar a rede internet enfocando o seu uso como unha canle de promoción internacional da empresa | SI       |

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA1.1 Identifícanse os conceptos esenciais de funcionamento e uso da rede a nivel internacional |
| CA1.2 Avaliáronse os sistemas de conexión á rede  |
| CA1.3 Configurouse o acceso ao sistema informático na rede                                      |
| CA1.4 Comprobáronse as características propias das intranets e as extranets                     |
| CA1.5 Utilizáronse os principais programas navegadores para se mover pola rede                  |
| CA1.6 Realizáronse procuras selectivas de información mediante aplicacións específicas          |
| CA1.7 Utilizáronse buscadores especializados por temas e outras aplicacións de procura avanzada |

**4.1.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| Procura de información nacional e internacional na rede.<br>Buscadores: motores de procura e índices, buscadores temáticos, multibuscadores e metabuscadores.<br>Grupos de discusión internacionais.<br>Redes sociais internacionais.<br>Engadir elementos a unha páxina dunha rede social internacional.<br>Foros internacionais: lectura e escritura.<br>Control loxístico das mercadorías vendidas en liña.<br>Medios internacionais de pagamento electrónico.<br>Institucións que teñen que ver co comercio internacional: OMC, UE, ICEX, cámaras de comercio, etc. |

| Contidos  |
|---|
| <p>OMárketing viral.</p> <p>Televisión en internet, videoblogs, web, etc.</p> |

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                                   | Duración |
|-----|--|----------|
| 2   | Internet: orixe, funcionamento e configuración | 15       |

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Xestiona servizos e protocolos de internet manexando programas de correo electrónico, transferencia de ficheiros, foros internacionais de comunicación e redes sociais | SI       |

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA2.1 Identifícanse os elementos que configuran o correo electrónico  |
| CA2.2 Utilízase o correo electrónico directamente desde a web   |
| CA2.3 Utilízanse programas de cliente de correo electrónico para xestionar o envío e a recepción de mensaxes              |
| CA2.4 Identifícase o protocolo de rede para a transferencia de ficheiros (FTP) desde un equipamento cliente a un servidor |
| CA2.5 Compartíronse ficheiros a través dunha rede de computadores entre iguais (P2P)                                      |
| CA2.6 Establecéronse contactos con outros usuarios da rede a través de foros internacionais de debate e opinión           |
| CA2.7 Establecéronse contactos internacionais sobre temas concretos a través de blogs temáticos de contido profesional    |
| CA2.8 Realizáronse comunicacións con usuarios internacionais da rede a través de redes sociais                            |

**4.2.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| <p>Internet e a súa orixe.</p> <p>Funcionamento: servidores e clientes, protocolo TCP/IP, www e dominios de rede.</p> <p>Modos de conectarse a internet.</p> <p>Configuración de acceso.</p> <p>Intranet e extranet.</p> <p>Navegadores máis utilizados: funcionamento.</p> <p>Procura de información nacional e internacional na rede.</p> <p>Buscadores: motores de procura e índices, buscadores temáticos, multibuscadores e metabuscadores.</p> <p>Conceptos básicos de procura con operadores: sintaxes especiais de procura, opción de procura avanzada, servizos adicionais e ferramentas específicas.</p> |

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                             | Duración |
|-----|--|----------|
| 3   | Xestión de servizos a través de Internet | 20       |

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Xestión de servizos e protocolos de internet manexando programas de correo electrónico, transferencia de ficheiros, foros internacionais de comunicación e redes sociais | NO       |

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA2.6 Establecéronse contactos con outros usuarios da rede a través de foros internacionais de debate e opinión |

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA2.7 Establecéronse contactos internacionais sobre temas concretos a través de blogs temáticos de contido profesional |
| CA2.8 Realizáronse comunicacións con usuarios internacionais da rede a través de redes sociais                         |

#### 4.3.e) Contidos

| Contidos  |
|---|
| Correo electrónico: funcionamento. Funcións básicas de ler, responder e enviar.<br>0Grupos de discusión internacionais.<br>Redes sociais internacionais.<br>Weblogs e blogs.<br>Redes sociais internacionais para empresas.<br>Engadir elementos a unha páxina dunha rede social internacional.<br>Comprar e vender en redes sociais internacionais.<br>Correo web: creación dunha conta.<br>Correo non desexado.<br>Correo POP3: utilización.<br>Xestión de envío, recepción e mantemento de correo POP3.<br>Transferencia de ficheiros: utilización.<br>Servidores FTP. Aplicacións FTP.<br>Redes P2P: aplicacións.<br>Foros internacionais: lectura e escritura. |

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD   | Duración |
|-----|--|----------|
| 4   | Elementos clave para o desenvolvemento do comercio electrónico internacional dunha empresa | 20       |

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Define a política de comercio electrónico da empresa, establecendo as accións necesarias para efectuar vendas internacionais en liña | SI       |

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA3.1 Establecéronse os parámetros necesarios para crear ou adaptar un negocio en liña internacional            |
| CA3.2 Definíronse accións de captación enfocadas ao comercio electrónico internacional                          |
| CA3.3 Recoñecéronse os modelos de negocio existentes na rede  |
| CA3.4 Xestionouse unha tenda virtual de ámbito nacional e/ou internacional                                      |
| CA3.5 Planificouse a xestión dos pedidos recibidos e todo o proceso loxístico                                   |
| CA3.6 Establecéronse os medios de pagamento internacionais que se vaian utilizar                                |
| CA3.7 Seleccionáronse os sistemas de seguridade que garantan a privacidade e a invulnerabilidade das operacións |
| CA3.8 Identificáronse os tipos de negocios electrónicos existentes  |

**4.4.e) Contidos**

| Contidos                                  |
|---|
| Deseño dunha tenda virtual internacional. |



| Contidos  |
|---|
| <p>0Criptografía: clave simétrica, clave asimétrica e cifraxa de clave única.</p> <p>Sinatura.</p> <p>Certificados dixitais.</p> <p>Encriptación.</p> <p>Negocios electrónicos: tenda en liña, correo electrónico, e-procurement, comercio electrónico, poxa electrónica, etc.</p> <p>Modelos de negocio dixital: portais horizontais, B2B, B2C, etc.</p> <p>Selección e rexistro de dominio.</p> <p>Escaparate web: catálogo electrónico.</p> <p>Control loxístico das mercadorías vendidas en liña.</p> <p>Reclamación como instrumento de fidelización da clientela.</p> <p>Importancia financeira da reclamación.</p> <p>Medios internacionais de pagamento electrónico.</p> <p>Períodos de reflexión e cancelacións.</p> |

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD   | Duración |
|-----|--|----------|
| 5   | Xestión de operacións no entorno do comercio dixital internacional | 20       |

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Realiza de xeito telemático a facturación electrónica e outras tarefas administrativas propias do comercio internacional, utilizando en cada caso o software específico | SI       |

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA4.1 Identifícaronse os formatos electrónicos de factura (EDIFACT, XML, pdf, html, doc, xls, gif, jpeg, txt, etc.)                   |
| CA4.2 Estableceuse a transmisión telemática entre computadores  |
| CA4.3 Garantiuse a integridade e a autenticidade das transmisións telemáticas a través dunha sinatura electrónica recoñecida          |
| CA4.4 Utilizáronse aplicacións específicas de emisión de facturas electrónicas  |
| CA4.5 Realizáronse tarefas administrativas en liña con organismos públicos e privados de ámbito nacional e internacional              |
| CA4.6 Identifícaronse os programas prexudiciais para a seguridade e a integridade dos datos almacenados nos equipamentos informáticos |
| CA4.7 Puxéronse en práctica as barreiras de seguridade necesarias para salvagardar a información almacenada                           |

**4.5.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| Factura electrónica.  |
| Programas de facturación electrónica.   |
| Seguridade: firma electrónica recoñecida.   |
| Relación con outras empresas e organismos públicos: banca electrónica, ministerios con atribucións en comercio internacional, páxinas dos servizos de Facenda obre alfándegas, etc. |
| Institucións que teñen que ver co comercio internacional: OMC, UE, ICEX, cámaras de comercio, etc.  |
| Seguridade en internet: spam, virus informáticos, spyware e phishing.   |
| Programas antivirus, tormalumes e antiespías.   |

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                              | Duración |
|-----|---|----------|
| 6   | Deseño do plan de marketing internacional | 36       |

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA5 - Elabora o plan de márketing dixital internacional deseñando as políticas específicas que deban desenvolverse | SI       |

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA5.1 Confeccionouse un plan de márketing dixital internacional capaz de alcanzar os obxectivos comerciais da empresa no exterior                                     |
| CA5.2 Definíronse os procesos de posicionamento e márketing en liña internacional   |
| CA5.3 Fixáronse as normas que haxa que cumprir para realizar a publicidade e a promoción en liña no ámbito internacional  |
| CA5.4 Identificáronse os elementos que configuran o márketing internacional de buscadores   |
| CA5.5 Avaliáronse os desafíos do márketing electrónico internacional: confianza nos medios de pagamento, problemas loxísticos e seguridade                            |
| CA5.6 Xestionáronse electronicamente as relacións coa clientela internacional, definindo claramente o programa de fidelización e as ferramentas que se vaian utilizar |
| CA5.7 Recoñecéronse as novas tendencias de comunicación e de relación coa clientela no márketing dixital internacional  |
| CA5.8 Realizáronse accións de márketing internacional por medio de dispositivos móbiles   |

**4.6.e) Contidos**

| Contidos                             |
|--------------------------------------|
| 0Grupos de discusión internacionais. |

## Contidos

Redes sociais internacionais.

Weblogs e blogs.

Redes sociais internacionais para empresas.

Engadir elementos a unha páxina dunha rede social internacional.

Comprar e vender en redes sociais internacionais.

Modelos de negocio dixital: portais horizontais, B2B, B2C, etc.

Desenvolvemento do plan de márketing dixital internacional.

0Márketing viral.

Márketing 1x1.

Aplicacións do "mobile márketing", TDT, etc.

Televisión en internet, videoblogs, web, etc.

Características específicas da clientela en liña internacional.

Promoción en liña e offline da web exportadora.

Ferramentas de posicionamento en buscadores internacionais: "e-mail márketing", SEM, SEO e campañas en páxinas afíns.

Políticas de captación: proceso de creación dunha marca.

Análise de estatísticas e medición de resultados.

Márketing internacional de afiliación.

Márketing relacional e xestión da relación coa clientela (CRM).

"Cross márketing".

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

As unidades didácticas tratadas en cada trimestre permitirán facer unha proba obxectiva na que se debe acadar unha puntuación mínima de 4 puntos. Así mesmo a nota numérica terá carácter enteiro, tal como marca a lexislación podendo ser de 1 a 10 puntos. No caso de ter decimais redondearase a partir de 0,6 á alza pero gardaranse as notas exactas con decimais para ter en conta na nota final de curso.

Para a avaliación do módulo empregaranse diferentes elementos que podemos dividir en tres grandes bloques:

- a. Probas de coñecemento: exames escritos con preguntas curtas e/ou a desenvolver, preguntas tipo test, supostos prácticos,...
- b. Probas de produto: traballos de investigación, memorias, fichas, defensa de traballos,...
- c. Probas de desempeño: desenvolvemento dun plan, proceso de realización dun obxecto ou dunha actividade, cooperación e traballo en grupo,...

As unidades impartidas en cada unha das avaliacións cualificaranse do seguinte xeito:

- Cunha proba escrita que computará o 55% (tendo que alcanzar como mínimo 4 para sumar os puntos das actividades),
- Coas diversas tarefas e actividades que se detallan nas UD coas que se acadará o 45% da nota, que se avaliarán mediante rúbricas.

Con esta parte sumará para alcanzar o 100%.

Ademais dos exames escritos, as probas de produto e de desempeño son obrigatorias e o alumnado non poderá superar o módulo se non entregou algunha das actividades se estas se corresponden con mínimos esixibles.

A parte teórica poderán constar de preguntas tipo test, cunha soa resposta válida, e/ou preguntas teórico-prácticas sobre os contidos do módulo.

Esta primeira parte da proba será puntuada de 0 a 10 puntos onde cada pregunta test ben contestada vale 0,2 puntos, as mal contestadas penalizan e restan 0,1 puntos e as non contestadas non penalizan e/ou as preguntas teórico-prácticas que terán unha puntuación que complete os 10 puntos (as preguntas teórico-prácticas incorrectas non restarán puntuación).

A cualificación desta parte da proba calcularase do seguinte xeito: parte test (suma de puntos das preguntas ben contestadas - suma de puntos das que penalizan) + no caso de incluír preguntas teórico-prácticas (a suma puntuación acadada en cada unha delas). O total desta puntuación chegará a un máximo de 10; tendo en conta que ponderará un 55% no peso final da nota.

A nota media das avaliacións permitirá calcular a nota final do módulo.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non alcance un 4, nalgunha proba de coñecementos exame teórico (aínda que entregue os traballos e lle alcance a media, con esta nota un 5) deberá recuperar o exame mediante unha proba escrita despois da avaliación. Así mesmo se ten traballos pendentes de entregar deberá facelo no prazo acordado para poder aprobar o módulo. A docente encargarse de orientar ao alumnado para que supere os

exames ou casos prácticos non aprobados. Así mesmo, a final de curso farase unha proba extraordinaria onde os alumnos poderán recuperar as partes non superadas que incluírá unha teórica e ademais tamén precisará da superación de actividades prácticas, traballos,... que non se entregaron e que se cumpren os mínimos esixibles para superar o módulo.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Acolléndonos á citada orde do 12 de xullo, o alumnado que supere o 10% de faltas de asistencia perderá o dereito á avaliación continua, mesmo poderá asistir e participar na clase igualmente, e terá que presentarse a un exame final en xuño e entregar os traballos/actividades que se lles pidan. Estes terán dereito a titorías ó longo do curso que lles guiarán para a entrega das tarefas pertinentes e para a axuda no exame final.

A parte teórica constará de:

- Preguntas tipo test, cunha soa resposta válida, sobre os contidos teóricos do módulo.
- E/ou preguntas teórico-prácticas

Este componente da proba será puntuado de cero a dez puntos onde:

- Nas preguntas tipo test cada pregunta ben contestada vale 0,1 puntos, as mal contestadas penalizan e restan 0,05 puntos e as non contestadas non penalizan.
- Nas preguntas teórico-prácticas, as mal contestadas e as non contestadas non penalizan, e a puntuación de cada unha pode ir dende o 0,10 ata os 3 puntos.

A cualificación desta proba de avaliación extraordinaria calcularase do seguinte xeito:

- Ponderación: 60% Suma puntuación preguntas tipo test (suma de puntos das preguntas ben contestadas - suma de puntos das preguntas que penalizan) e Suma puntuación preguntas teórico-prácticas + 40% actividades prácticas (estas serán as desenvoltas durante o curso e será imprescindible que sexan entregadas todas en prazo e condicións óptimas, de forma que cumpran cos mínimos esixibles.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

1. Farase o seguimento da programación na aplicación informática. Mensualmente se dará conta na reunión de departamento preceptiva deste seguimento.

2. Para a avaliación da práctica docente realizarase unha reflexión sobre as competencias de programación, actividades de aula, avaliación e formación tendo en conta os seguintes indicadores de cada competencia:

A. Programación:

- Planificación do traballo docente.
- Programación de unidades didácticas.
- Programación de actividades e tarefas.
- Tratamento da atención á diversidade e da transversalidade.

B. Actividades de aula:

- Metodoloxía desenvolvida.
- Motivación para a aprendizaxe.
- Potenciación da autonomía no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Coordinación co resto do equipo docente.
- Clima na aula e resolución de conflitos.
- Traballo en equipo.
- Actividades desenvolvidas variadas desempeñando un papel docente-guía.
- Utilización dos recursos do contexto para reforzar o proceso EA.
- Atención á diversidade.
- Inclusión da transversalidade nas actividades.

C. Avaliación:

- Instrumentos utilizados para a avaliación inicial e o seu rexistro.
- Instrumentos empregados para a avaliación continua e o seu rexistro.
- Procedemento para a avaliación final.
- Coavaliación e autoavaliación, se proceden.
- Desenvolvemento das actividades de recuperación.
- Información proporcionada sobre a avaliación e a cualificación.

D. Formación:

- Formación desenvolvida formal.
- Formación desenvolvida non formal.

3. Na memoria do fin de curso recolleranse propostas de modificacións para o vindeiro curso, en función da anterior autoavaliación realizada.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Desenvolverase un procedemento de observación competencial a través de tarefas concretas que permitan recoller información de todas/algúnhas das competencias claves seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística. Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita. Para desenvolverla deseñaranse tarefas que impliquen a expresión escrita e a utilización da oralidade (traballos de reflexión e investigación por escrito e defensa dos mesmos de xeito oral apoiados en produtos gráficos)
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos. Neste caso a preparación de material básico para repasar coñecementos matemáticos poderían reforzar a competencia.
3. Competencia dixital. Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información. Neste caso a utilización de software na elaboración de produtos de xeito responsable e tendo en conta licenzas e uso de datos persoais podería axudar a reforzar esta competencia
4. Aprender a aprender. É unha das principais competencias, xa que implica que o alumnado desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempos, e traballar de maneira individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo. Ensinar a investigar e a ser crítico coas buscas de información poden reforzar esta competencia.



5. Competencias sociais e cívicas. Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica. O traballo en equipo ensinando pautas para facelo poden reforzar esta competencia.

6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

7. Conciencia e expresións culturais. Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

#### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Se no transcurso do curso se detecta que algún/ha alumno/a ten dificultades para seguir o módulo falarase coa xefatura de departamento e, de ser o caso, pedirase a intervención do departamento de Orientación do centro para aplicar as medidas que se consideren oportunas que poden ser de distinto tipo, xa sexa adicando tempo extra en explicarlle as actividades ou contidos que non comprendeu, ubicalo nalgunha zona da clase onde teña algun compañeiro no que apoiarse, dar ferramentas para que poida repasar contidos na casa ou outras que se consideren oportunas adaptándonos a cada caso concreto.

Sempre partido das necesidades propias de cada caso, entre as medidas aplicables atopamos as seguintes:

- Recuperacións das partes non superadas antes do período de actividades de recuperación.
- Tarefas de alumnado específicas de reforzo.
- Introducción de estratexias e ferramentas que reforcen as competencias clave, nas actividades deseñadas.
- Deseño de actividades secuenciadas que axuden a entender o que se pide.
- Coordinación co equipo docente para tratar o reforzo en competencias clave.

#### **9. Aspectos transversais**

##### **9.a) Programación da educación en valores**

Tendo en conta o anterior no ámbito da familia profesional de Comercio e Marketing, trataranse as seguintes temáticas, de xeito transversal, tanto nas tarefas do profesorado como do alumnado:

1. Valores democráticos e mellora da cohesión social.
2. Loita contra a pobreza e contribución ao desenvolvemento humano.
3. Dereitos Humanos.
4. Protección das minorías e do colectivo LGTBIQ
5. Dereitos laborais.
6. Respecto das condicións de competencia.
7. Transferencia de tecnoloxía: respecto licenzas e patentes.
8. Preservación do Medio Ambiente. A sostenibilidade.
9. Promoción da igualdade de xénero.
10. Reforzo do respecto dos Dereitos Fundamentais. A protección de datos persoais.
11. Deontoloxía profesional.
12. Identidade dixital: netetiqueta en foros de discusión, envío de correos electrónicos, chats, uso da videoconferencia, etc...

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao inicio do curso farase unha reunión de departamento onde se establecerán mediante acordo todas aquelas actividades que se consideren oportunas para completar a aprendizaxe impartida na aula. Esta relación será entregada á Dirección do centro para o seu coñecemento e inclusión na Programación Xeral do Centro para a súa posterior aprobación.

Entre as saídas propostas para o presente curso académico, hai que destacar a visita a Feira de Conxemar de carácter internacional. Tamén se propondrá a realización de charlas impartidas por especialistas do sector e empresarios inmersos no e-commerce.

Dada a situación sanitaria extraordinaria só se permiten de momento actividades que se poidan desenvolver por sistemas a distancia. Deste xeito, establecemos dous escenarios:

#### ESCENARIO DE SEMIPRESENCIALIDADE E/OU DISTANCIA:

A idea é localizar profesionais relacionados co mundo do comercio dixital que poideran desenvolver algunha charla telemática para explicarnos como é o desempeño da súa labor en relación co comercio dixital inernacional.

#### ESCENARIO NORMAL

Visita a centros de traballo nos que poidamos ver en directo como se desenvolven diferentes actividades do proceso dun comercio electrónico: compras, departamento técnico e informáticos, marketing, loxística,...

## 10. Outros apartados

### 10.1) ESCENARIO COMBINADO PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL

1. Este módulo conta cunha aula virtual na plataforma Moodle do IES A Guía, na categoría de COMERCIO DIXITAL INTERNACIONAL. O alumnado, unha vez que teña un usuario na plataforma, poderá automatricularse mediante unha chave de automatrulación que lle será dada nas presentacións ou primeiros días de curso.

2. O curso deste módulo na aula virtual está organizado por UD que se irán abrindo conforme se vaia avanzando nos contidos do módulo e contarán como mínimo con ligazóns, ficheiros e tarefas por cada UD, en coherencia coa programación debidamente separadas por etiquetas. As tarefas serán deseñadas de xeito que quede claro o modo de presentación, o fondo e forma da tarefa, os prazos de entrega e se vai ser cualificada os criterios de cualificación e o seu valor en coherencia coa programación. Cada UD contará cun foro de dúbidas.

3. A opción de semipresencialidade queda organizada unha xornada por semana (os venres) dependendo do número de persoas alumnas por grupo clase e tamaño da aula. No caso do módulo de COMERCIO DIXITAL INTERNACIONAL esta xornada queda semipresencial non afecta ó desenvolvemento do mesmo xa que non conta con sesións na xornada do venres.

Nas primeiras semanas de clase presencial incidirase no uso da aula virtual, nas pautas a seguir nas titorías a distancia, no uso dos sistemas de videoconferencia e na resolución de problemas técnicos que poida ter o alumnado. Tamén se establecerán grupos para as tarefas de grupo e se entrenará ao alumnado no uso de ferramentas dixitais para o desenvolvemento desas tarefas grupais.

5. Organizarase un grupo de contactos do alumnado do módulo que constará de teléfono móbil e correo electrónico como mínimo. Comprobarase que os datos aportados polo alumnado na matrícula a través de XADE están actualizados.

6. A incorporación do alumnado aos grupos de mensaxería, farase mediante envío de ligazóns dos grupos aos contactos da matrícula ou proporcionado polo propio alumnado para que se inclúan eles voluntariamente (teléfono móbil ou correo electrónico da axenda do punto anterior).

**10.2) ESCENARIO A DISTANCIA**

Se as circunstancias sanitarias obligasen a pasar a un sistema completamente a DISTANCIA, seguiranse as directrices de SEMIPRESENCIAL do apartado anterior, engadindo as seguintes:

1. A metade do horario do módulo, por exceso programarase polo sistema de videoconferencia preferentemente polas plataformas proporcionadas pola consellería de educación.
2. O resto do horario organizarase con tarefas e actividades propostas ao alumnado distintas das configuradas na programación para explicacións teóricas da persoa docente. Estas actividades poderán serán seguidas por outros sistemas diferentes á videoconferencia tendo en conta que a aula virtual conta con foro de dúbidas en cada UD e se vai organizar un grupo de mensaxería instantánea como sistema síncrono de comunicación.